

IDEA DO MES – Abril 2024

Ser testemuñas de fraternidade

Sucedenos algunha vez que fomos testemuñas dun feito insólito que nos marcou e sentimos o desexo de compartilo cos demais? Ou ao revés, podería ser que algunha persoa compartise connosco algo que lle fora de vital importancia?

A idea deste mes convidáanos a dar testemuño e compartir experiencias positivas capaces de transformar a nosa vida e a nosa sociedade.

Cezar Kurti, escritor e tradutor albanés de conviccións non relixiosas, adoitaba dicir que as palabras do Xesús histórico, a quen consideraba un dos maiores mártires da humanidade, sempre lle fascinaban. Ao longo da súa vida, con amor e humildade, quixo dar testemuña do valor da unidade e a fraternidade entre todos os homes, traducindo para o seu pobo a Divina Comedia de Dante e as Meditacións de Chiara Lubich.

A historia de moitas comunidades ao longo dos séculos que compartiron a proposta de vida que Xesús fixo aos homes do seu tempo, convidáanos a explorar a forza intrínseca das súas palabras que, aínda hoxe, resoan con forza en nós, convidándonos á comunión fraterna e á construción de sociedades máis solidarias, comunidades cimentadas na íntima e profunda comunión de vida, máis atentas ás desigualdades que nos rodean, máis inclinadas a accións de paz.

Ver hoxe, a experiencia de persoas de diferentes credos, opcións políticas, etnias e culturas que se aman fraternalmente e buscan xuntas mellorar a vida da súa contorna, é un testemuño que nos fai ver a fraternidade a pequena ou gran escala e empúxanos á plena convicción de que a fraternidade universal é posible. O seu testemuño atráenos e contaxia. No noso interior e xunto aos demais atoparemos a forza para ser testemuñas diso coa nosa vida, superando medos e temores.

As mulleres e os homes que seguiron a Xesús transformáronse ao escoitar as súas mensaxes, e tamén nós podemos testemuñar hoxe que o amor que el propón fainos libres, rompe todas as barreiras e vincúlalos a todos como verdadeiros irmáns e irmás.

Unamos as nosas pequenas forzas, os nosos talentos, utilizando a nosa creatividade e liberdade para emprender este camiño de fraternidade cada vez con máis valor, sabendo que vivir o amor mutuo é contaxioso porque responde a unha necesidade vital de todo home.

O noso testemuño, pode animar e impulsar a outros que, véndonos, únanse a nós a traballar con lealdade e transparencia na construción dese ben común ao que todos aspiramos.